

## Documentos de Centro

---

# Plan de atención a diversidade

Aprobado en sesión do Consello Escolar do 16/04/2021



## Índice

---

<b>Introdución .....</b>	<b>3</b>
<b>Xustificación .....</b>	<b>3</b>
<b>Marco Legal .....</b>	<b>3</b>
<b>Obxectivos .....</b>	<b>4</b>
<b>Detección de necesidades .....</b>	<b>5</b>
<b>Alumnado ao que vai dirixido .....</b>	<b>6</b>
<b>Resposta á diversidade .....</b>	<b>6</b>
Medidas ordinarias .....	7
Adaptación curricular .....	7
Acción titorial .....	7
Reforzo educativo .....	8
Medidas Específicas .....	8
Apoio especializado .....	8
<b>Avaliación do plan .....</b>	<b>8</b>
<b>Anexos .....</b>	<b>9</b>
<b>Anexo II. Protocolos específicos .....</b>	<b>10</b>



## Introdución

A atención á diversidade require dun esforzo constante en calquera dos niveis educativos. O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSMVigo) amosa a súa implicación neste terreo coa creación do presente Plan de Atención á Diversidade (PAD). É a súa intención a de dar unha resposta útil ás necesidades de atención específica, xa sexan temporais ou permanentes, do alumnado que cursa o Grao Superior nas diferentes especialidades que se ofrecen no centro e, máis en concreto, para atender á posible matrícula de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE).

Para levar a cabo un procedemento óptimo de atención á diversidade é preciso proceder en primeiro termo ao estudo das necesidades que presenta o alumnado, das súas experiencias previas e as súas circunstancias sociais e familiares, atendendo así ao principio de individualidade. Neste sentido, o CSMVigo presenta a peculiaridade de acoller alumnado de numerosas procedencias, tanto do ámbito galego como do Estado español, pero tamén cunha importantísima compoñente internacional, e con diferentes idades e orixes socioculturais. Este espectro de procedencias será considerado como unha diversidade normalizada, dado o rango de idade do alumnado (como norma xeral maior de dezaioito anos). Polo tanto, a diversidade asúmese como un factor sen incidencia negativa no proceso de ensino-aprendizaxe, e que, pola contra, supón unha fonte de riqueza de oportunidades para a integración e a igualdade entre persoas.

## Xustificación

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento de centro no que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro desenvolverá para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

## Marco Legal

Para a realización deste Plan de Atención á Diversidade consultáronse os seguintes documentos legais:



- *Lei Orgánica (LOE) 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).*
- *Real Decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico dos ensinos artísticos superiores de Grao en Música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.*
- *DECRETO 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *DECRETO 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece ou Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e amplíanse cos anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.*
- *ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro.*

Tamén se tiveron en conta os seguintes protocolos elaborados e publicados pola Consellería de Educación:

- *PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA DA DISLEXIA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE, editado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.*
- *PROTOCOLO PARA O TRATAMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA), editado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.*
- *PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS, editado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.*

## **Obxectivos**

- a) Detectar e dar resposta a posibles necesidades entre o alumnado que accede a realizar os seus estudos superiores no centro.
- b) Optimizar a organización dos recursos do centro para atender adecuadamente ás necesidades de todo o alumnado, especialmente daquel con necesidades específicas de apoio educativo.



- c) Desenvolver unha acción tutorial de calidade atendendo á individualidade dos ACNEAE, coa intención de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe para o desenvolvemento íntegro das súas competencias.
- d) Comunicar a existencia e o contido do presente documento ao claustro para establecer unha guía de actuación común se fose necesario.
- e) Incentivar a colaboración de todos os docentes responsables dos ACNEAE. A reflexión consensuada ante calquera necesidade, dará como resultado unha resposta docente de calidade.
- f) Propoñer estratexias metodolóxicas baseadas na programación didáctica que aumenten as posibilidades de éxito nas ensinanzas superiores.
- g) Fomentar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade nas ensinanzas superiores.
- h) Dinamizar a colaboración do centro con institucións especializadas que acheguen apoio, orientación e materiais que posibiliten a atención óptima do alumnado con ACNEAE.

## **Detección de necesidades**

Nos centros de ensino de Réxime Especial non se contempla a figura do/a Orientador/a, polo que o ACNEAE carece de informes psicopedagóxicos específicos para este tipo de ensinanzas. Tampouco existe formación específica para a atención á diversidade nos Conservatorios e a que se ofrece adoita estar dirixida a atender ao alumnado en idade de escolarización obrigatoria e ao modelo de organización escolar de primaria e secundaria, moi diferente do noso e das nosas necesidades. Por tanto, faise necesario establecer un protocolo para a detección, atención e seguimento deste alumnado.

O alumnado que accede ás ensinanzas superiores de Música debe superar unha proba específica, cuxo obxectivo é valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes das/dos aspirantes para cursar unhas ensinanzas equivalentes a un grao universitario. A idade mínima para o acceso é de 16 anos. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, as/os aspirantes á admisión nas ensinanzas superiores de Música que presenten algunha discapacidade poderán requirir a adaptación correspondente para a realización das probas de acceso. Este alumnado estaría identificado como ACNEAE, o que facilitaría o seu posterior seguimento e atención personalizada. Con todo, isto non adoita ser o habitual. Con posterioridade ao acceso, aínda hai unha probabilidade de detección de casos de ACNEAE, algúns non diagnosticados e outros con diagnóstico pero que preferiron non informar del.



## Alumnado ao que vai dirixido

No noso centro podería matricularse alumnado con algún tipo de discapacidade física, visual ou psíquica leve, así como con algún trastorno do espectro autista (TEA) como pode ser a síndrome de Asperger. Tamén con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH), ou con altas capacidades intelectuais (AACIn). Este alumnado podería precisar unha atención eventual ou permanente durante o seu período de estudante no CSMVigo. O profesorado responsable deste alumnado debería coñecer o diagnóstico dos mesmos a través dos propios alumnos ou mediante a consulta do informe psicopedagóxico, no caso de existir.

Será preciso coñecer os trazos característicos das tipoloxías anteriormente citadas para concretar os seus niveis de motivación e para poder orientar a intervención educativa segundo as necesidades que presenten:

- **Alumnado con dificultades de aprendizaxe.** Estas dificultades poden presentarse asociadas a algún dos trastornos antes enumerados. Este tipo de necesidades adoitan ser detectadas pola/o docente na aula e atendidas con reforzo educativo no mesmo horario de clase ou nun horario específico.
- **AACIn e alumnado con talentos especiais.** O alumnado cun CI igual ou maior a 130 puntos adoita presentar un alto rendemento escolar, altos niveis de motivación e creatividade, precisando por tanto unha atención específica distinta do habitual. Tamén podemos atopar alumnos sen ACCIn pero cun talento especial para a música cunha adquisición das competencias musicais máis rápido do habitual e algúns que cursan simultaneamente máis dunha especialidade.
- **Alumnado adulto.** O CSMVigo acolle alumnado maior de idade, salvo casos excepcionais. Dánse casos nos que a conciliación académica, familiar e laboral é moi complexa. Sen embargo, afróntanse cunha actitude de esforzo constante e de máximo interese pola aprendizaxe. É posible axudar a este alumnado adoptando medidas organizativas e ofrecéndolles materiais e recursos educativos de apoio.
- **Alumnado estranxeiro.** Xa sexa por dificultades derivadas da competencia lingüística ou por diferenzas culturais, estes alumnos poden necesitar dalgún tipo de apoio, especialmente durante o período de adaptación.

## Resposta á diversidade

Neste apartado concrétese o marco xeral de actuación para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado na realización dos seus estudos. Teranse en conta as dificultades individuais á hora de determinar as medidas máis axeitadas, que se dividen en ordinarias e específicas.



## Medidas ordinarias

As medidas de atención á diversidade ordinarias son aquelas que facilitan a adquisición dos obxectivos e competencias establecidos no currículo sen alterar de forma significativa os seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

As medidas ordinarias xerais máis salientables que se poden adoptar no CSMVigo para atender á diversidade do alumnado poden ser:

- Adaptación da estrutura organizativa do centro (horarios, grupos, espazos).
- Adaptación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación das programacións didácticas ao tipo de alumnado, especialmente no referido a tempos, instrumentos e criterios de avaliación.
- Utilización de metodoloxías que fomenten a inclusión como poden ser o traballo cooperativo, a tutoría entre iguais ou a aprendizaxe baseada en proxectos.
- Desenvolvemento de clases de apoio ou reforzo educativo, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado.
- Deseño de programas de enriquecemento curricular.

## Adaptación curricular

Consiste na modificación parcial do currículo para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe atendendo á diversidade individual do alumnado. Na normativa referente aos ensinos de Réxime Especial só están contempladas as adaptacións curriculares de acceso (adaptacións de espazos, tempos, materiais, comunicación) e as adaptacións curriculares non significativas. Estas últimas modifican elementos da programación como metodoloxía, avaliación ou priorización de contidos, pero non eliminan nin cambian os elementos prescriptivos do currículo. Só se realizarán adaptacións curriculares cando sexan imprescindibles, podendo darse soamente nalgunha materia e non na totalidade.

## Acción titorial

É competencia de todo o profesorado e peza clave na atención á diversidade. Por tanto, unha vez detectada algunha necesidade específica nun alumno/-a será responsabilidade de cada docente a adopción de medidas e a súa posta en práctica, podendo reunirse en caso necesario todos/as os/as docentes que imparten clase a ese/a alumno/a para acordar e coordinar as medidas.



## **Reforzo educativo**

É unha medida ordinaria adoptada polo/a docente para incidir ou afondar na adquisición de determinados contidos, modificando para iso a metodoloxía, a forma de agrupamento, o espazo ou o tempo. Pode realizarse dentro ou fóra do horario lectivo, na aula habitual ou en calquera outro espazo do centro e está dirixido tanto a alumnado con dificultades de aprendizaxe como a aqueles con rápida progresión que desexan profundar ou ampliar os contidos da materia.

## **Medidas Específicas**

### **Apoio especializado**

Ao non existir a figura do orientador nos conservatorios, en caso de necesidades significativas que precisen dunha atención máis específica distinta da ordinaria, poderase solicitar a colaboración de institucións especializadas públicas ou privadas, como pode ser a ONCE, asociacións de apoio a persoas con TEA, TDAH, así como da administración autonómica.

## **Avaliación do plan**

Realizarase un seguimento anual das medidas contempladas neste PAD coa finalidade de avaliar o seu impacto e identificar aqueles aspectos susceptibles de mellora. Analizaranse os obxectivos conseguidos, os non conseguidos, as medidas adoptadas e as propostas de mellora. Os resultados desta análise e as consecuentes propostas de mellora recolleranse nas memorias finais dos Departamentos. Unha vez aprobadas incorporaranse ao presente PAD.

Ademais, ao finalizar cada cuadrimestre, os titores con alumnado que precise un seguimento por detectarse algunha necesidade de atención educativa distinta á ordinaria avaliarán xunto co Xefe de Estudos o impacto das medidas adoptadas (cambios na metodoloxía, agrupamentos, reforzo, etc...) e decidirán sobre a continuidade das mesmas ou, en caso necesario, sobre a súa modificación



## Anexos

### Anexo I. Protocolo para a detección e seguimento de ACNEAE

#### 1. Reunión informativa

No caso do alumnado que teña solicitado a adaptación da proba de acceso, e sempre antes do inicio da actividade lectiva, a Xefatura de Estudos reunirse co profesorado que vaia a estar a cargo de dito alumnado, para informar das súas necesidades particulares e adoptar as medidas iniciais oportunas en canto a agrupamento, horarios, metodoloxía, etc.

#### 2. Recompilación de información

O profesorado recompilará información sobre cada alumna/o mediante a observación en clase ou mediante probas específicas e, en caso necesario, informarán o Departamento sobre as necesidades detectadas. Algunhas recomendacións serán as seguintes:

- a) Avaliación inicial, para comprobar o nivel de competencia curricular da/o alumna/o.
- b) Tutoría co/a alumna/o e/ou a súa familia, de ser posible, para ampliar a información e consultar a existencia de informes ou valoracións previas.
- c) Contacto co profesorado que imparte clase ao alumno, para contrastar as necesidades detectadas e acordar medidas conxuntas.

#### 3. Resposta educativa

Ante a detección de necesidades de atención educativa entre o alumnado, calquera persoa do equipo docente deberá iniciar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas a cada caso particular, procurando a súa normalización dentro da aula mediante a aplicación de medidas ordinarias, modificando aspectos metodolóxicos, organizativos, materiais, etc.

#### 4. Seguimento

Todas as persoas do equipo docente estarán encargadas de realizar o seguimento de cada caso detectado de ACNEAE que estea ao seu cargo, implementando as medidas de adaptación ordinarias recollidas no PAD. Cando estas resulten insuficientes, informarase aos Departamentos implicados e/ou á Xefatura de Estudos, para analizar a posibilidade de adoptar medidas extraordinarias.



## Anexo II. Protocolos específicos

### Alumnado con TDAH

#### Características

- a) Impulsividade verbal e conductual.
- b) Olvidadizos. Perden e esquecen as súas cousas.
- c) Dificultades para organizarse e falta de autodisciplina.
- d) Baixa tolerancia ao aburrimiento.
- e) Mala xestión do tempo (impuntualidade, incumprimento de prazos).
- f) Cambios frecuentes de estado de ánimo e baixa autoestima.
- g) Baixa tolerancia á frustración.
- h) Horarios sobrecargados. Buscan estimulación intensa aínda que logo non finalizan a maioría dos proxectos.

#### Pautas xerais

- a) Localización na aula cun compañeiro que lle preste apoio e lonxe de xanelas ou obxectos distractores.
- b) Alternar actividades motivadoras con outras menos estimulantes, supervisándolle con frecuencia e reforzando con apoios visuais.
- c) Establecer contacto visual durante as explicacións para comprobar que está a prestar atención.
- d) Sinalar palabras chave que lle axuden a seguir a explicación.
- e) Asegurarse de que entendeu as explicacións e as tarefas para realizar.
- f) Axustar a cantidade de tarefas a realizar e reducir os enunciados utilizando apoios visuais.
- g) Promover actividades, tanto individuais como colectivas, nas que poida ter éxito.
- h) Aumentar progresivamente o tempo dedicado a actividades que requiren manter a atención.
- i) Dar máis tempo para as tarefas e fragmentarlas, supervisando o seu progreso.
- j) Dividir os exames en dúas ou máis sesións, utilizando preferentemente preguntas breves e pechadas.

### Alumnado con TEA

#### Características

- a) As rutinas estables proporcionanlles seguridade.
- b) Baixa tolerancia aos cambios imprevistos.
- c) Pode non gustarlles o contacto físico.
- d) Falta de habilidades sociais e escasos recursos emocionais.
- e) Autoestima baixa.
- f) Baixa tolerancia á frustración.
- g) Dificultade na comprensión de conceptos abstractos.



- h) Posibles dificultades na motricidade fina ou torpeza motora.
- i) Ritmo de traballo lento.

#### **Pautas xerais**

- a) Proporcionar un ambiente predicible establecendo rutinas.
- b) Anticipar os cambios de rutina.
- c) Fomentar a súa participación en actividades colectivas.
- d) Asegurarse de que entenderon as tarefas para realizar.
- e) Adaptar os enunciados utilizando frases breves e directas.
- f) Darlles máis tempo para realizar os exames.

#### **Alumnado con discapacidade visual (DV)**

Posto que este alumnado xa solicitaría adaptacións nas probas de acceso, o centro poderá anticiparse á súa incorporación preparando os recursos persoais, materiais e organizativos necesarios. Na medida do posible, e sempre antes do comezo das clases, levarán a cabo as seguintes actuacións:

#### **Adaptación no centro.**

- a) Establecer contacto co equipo da ONCE que atende ao/á alumno/a para coñecer con exactitude as súas características visuais e coordinar as futuras adaptacións.
- b) Ofrecer a formación necesaria ao profesorado que vaia a impartir clase ao/á alumno/a neste curso ou en cursos posteriores.
- c) Dotar ao centro dos recursos materiais ou tecnolóxicos necesarios para facer o currículo accesible a este alumnado. En concreto, ordenadores adaptados con programas de audioguía e liña Braille, así como a dotación da Biblioteca con publicacións transcritas a través do servizo que a ONCE ofrece.
- d) Eliminar barreiras arquitectónicas, como obxectos en zonas de paso ou a media altura, e sinalizar as escaleiras con bandas táctiles no chan.
- e) Organizar visitas acompañadas polo centro para que o alumnado con DV se familiarice cos distintos espazos, zonas de tránsito, escaleiras, aseos, etc.
- f) Planificar accións de sensibilización dirixidas ao resto de alumnado que favorezan a integración do alumnado con DV. En concreto, garantirase por parte de toda a comunidade educativa a ausencia de obstáculos nas zonas de paso, que poden supoñer un grave perigo físico para dito alumnado.

#### **Adaptación na aula**

- a) A disposición do mobiliario na aula debe ser o máis estable posible para favorecer a autonomía do alumno e evitar accidentes. En caso de facer cambios deberase informar previamente o alumno.
- b) Será necesario preparar con anticipación o mobiliario auxiliar necesario para almacenar ou colocar materiais específicos, non adaptados á utilización de cadeiras de pa ou atrás normais.



- c) Ao ser as principais canles de información do alumnado con DV a táctil e a auditiva, deberase adaptar a metodoloxía, verbalizando calquera explicación realizada de xeito gráfico (presentacións, materiais visuais, escritos no encerado).
- d) Potenciar cooperación e a inclusión, implicando ao alumnado compañeiro das materias grupais como orquestra ou banda.
- e) Adaptar os tempos para permitir ao alumnado con DV localizar o seu material e seguir un ritmo da clase que lle permita desempeñar as tarefas asignadas.

### **Anexo III. Enlaces de interese**

[Atención á diversidade e orientación da Xunta de Galicia](#)

[Listaxe de organizacións españolas relacionadas coa discapacidade](#)

[Listaxe das sedes electrónicas galegas de organizacións de persoas con discapacidade](#)

[Código autonómico de accesibilidade](#)

[Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad \(CERMI\)](#)

[Discapnet. Portal de las Personas con Discapacidad](#)

[Federación de Autismo de Galicia](#)

[Centros adicados ao tratamento do TDAH en Pontevedra](#)

[Promoción artística da ONCE](#)